

ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN POR MOBILIDADE DE DOUS POSTOS DA POLICÍA LOCAL

Mediante Resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2023004637, do 20 de setembro, aprobouse a convocatoria e bases do proceso de provisión de postos por mobilidade para cubrir dúas prazas de Policía Local, que foi publicada nos diarios oficiais pertinentes. Tras a realización dos trámites oportunos, publicouse a listaxe definitiva e designación do órgano de selección no BOP da Coruña núm. 242, de 21 de decembro de 2023. O día 28 de decembro de 2023 réunese o tribunal cualificador nomeado para o efecto tomando os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Outorgar ás persoas interesadas as puntuacións -que se expresan en orde decrecente na táboa que se incorpora- de acordo co disposto no apartado 11 das bases específicas.

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
CENDÓN GARCÍA	ÓSCAR	**.*28.71*-*	10,765
BLANCO GONZÁLEZ	JOSÉ ALEJANDRO	**.*25.57*-*	5,600
ROEL VALLO	DAMIÁN	**.*37.89*-*	3,625

SEGUNDO.- Propoñer á alcaldía ou órgano delegado a adxudicación ás persoas reflectidas na táboa anexa dos postos de policía local -provisión por mobilidade- (escala básica, categoría de policía, subgrupo C1, nivel de complemento de destino 18):

APELIDOS	NOME	DNI
CENDÓN GARCÍA	ÓSCAR	**.*28.71*-*
BLANCO GONZÁLEZ	JOSÉ ALEJANDRO	**.*25.57*-*

TERCEIRO.- Crear unha listaxe de reserva co aspirante que superou este procedemento selectivo sen adxudicación de posto, isto é:

APELIDOS	NOME	DNI
ROEL VALLO	DAMIÁN	79.337.892-J

CUARTO.- Os destinos adxudicados serán irrenunciabes, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obtivese outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso, deberase optar e comunicar a opción elixida.

Se se producise tal renuncia, o tribunal poderá realizar unha segunda e, de ser o caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso. Esta previsión sería aplicable tamén no caso de que a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados



QUINTO.- As persoas funcionarias seleccionadas cesarán no seu Concello de procedencia no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cese. Seguindo para os demais casos as especificacións contidas na bases 10 das específicas.

Este acto non pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrido en alzada perante a Alcaldía do Concello de Oleiros. O recurso deberá interpoñerse no prazo dun mes contado dende a notificación ou publicación da adopción deste acordo. Todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe por Silvia Legaspi Grueiro, secretaria do tribunal.

